

**CONVOCATORIA PARA A CONTRATACION LABORAL TEMPORAL, MEDIANTE CONCURSO DE MÉRITOS, DUNHA PERSOA QUE SE EXERZA A FUNCIÓN DE PERSOAL DE APOIO PARA A IMPARTICIÓN DO CURSO DE "AUXILIAR DE ENFERMERÍA EN XERIATRÍA" DESTE CONCELLO.**

**BASES**

**PRIMEIRA.-OBJECTO DA CONVOCATORIA.**

O obxecto desta convocatoria é a contratación laboral de persoal de apoio para a impartición do curso de "Auxiliar de enfermería en xeriatría" ao abeiro do curso de formación ocupacional que se vai impartir no Concello de Cabana de Bergantiños dentro da programación de Accións Formativas dirixidas prioritariamente ás persoas traballadoras desempregadas na Comunidade Autónoma de Galicia correspondente ao exercicio 2.010 (Plan AFD). Os aspirantes deberán ter a titulación de graduado en ESO ou equivalente. A modalidade de contrato será a "obra e servizo determinado", utilizando o concurso como sistema de selección.

O traballo será o de apoio administrativo á realización do curso que constará cos seguintes módulos:

- 1- Organización dos recursos materiais nunha unidade/servizo
- 2- Comunicación e atención ó paciente
- 3- Coidados básicos en xeriatria
- 4- Coidados terapéuticos de enfermería xeriátrica
- 5- Atención especializada ó ancián
- 6- Atención de enfermería ao ancián discapacitado.

As tarefas a desenvolver serán as propias dun auxiliar administrativo orientadas ó apoio, organización e xestión do curso de "Auxiliar de enfermería en Xeriatria".

**SEGUNDA.-DURACIÓN DO CONTRATO E DA XORNADA DE TRABALLO E SALARIO DO TRABALLADOR.**

A duración do contrato será coincidente coa duración do curso. A data prevista de inicio do curso será o 1 de xullo de 2.010 e a data de remate será o día 29 de setembro de 2.010. Non obstante estas datas poderán sufrir modificacións por razóns xustificadas.

A xornada de traballo de 20 horas semanais en horario a determinar pola Alcaldía. O traballador percibirá unha remuneración de 650,00 euros/mes brutos, incluídos tódolos conceptos onde se atopa incluída a prorrata de pagas extras.

**TERCEIRA.-CONDICIÓN DOS ASPIRANTES.**

1.-Para tomar parte neste proceso selectivo, os/as aspirantes deberán reunir os requisitos establecidos nos art. art. 56 e seguintes da Lei 7/2007, de 12 de abril, do estatuto básico do empregado público, en adiante EBEP (BOE núm. 89, de 13 de abril de 2007) e aqueles establecidos pola Orde de 28 de decembro de 2009 de convocatoria de subvención dos cursos de formación de desempregados, e especialmente:

a) Ser cidadán español sen prexuízo do establecido na Lei 17/1993, de 22 de decembro, en canto resulte de aplicación e nos termos establecidos.

b) Ter cumpridos 18 anos de idade.

c)Estar en posesión do título de graduado en ESO ou equivalente. ou estar en condicións de obtelo na data en que remate o prazo de presentación de solicitudes para participar na presente convocatoria. No suposto de invocar un título equivalente ós esixidos haberá de xuntarse un certificado expedido polas autoridades académicas competentes.

d) Non padecer enfermidade ou eiva física que impida o desenvolvemento das funcións ou tarefas correspondentes á praza á que se opte.

A estos efectos, establécese a igualdade de condicións das persoas minusválidas cos demais aspirantes, non podendo fixarse con carácter xeral limitacións físicas ou psíquicas, agás nos casos en que sexan incompatibles co normal desenvolvemento das tarefas e funcións correspondentes á praza á que se opte.

e)Non ter sido separado mediante expediente disciplinario do servizo de calquera das Administracións Públicas, nin estar inhabilitado por sentenza firme para o exercicio das funcións públicas.

f) Non estar incurso nos supostos de incompatibilidades previstos na lexislación vixente.

2.-Os anteriores requisitos, deberanse posuír con referencia ó último día do prazo de presentación de solicitudes e gozar dos mesmos durante o proceso selectivo.

3.-Será nulo o nomeamento dos que estén incursos en causas de incapacidade específica conforme á normativa vixente.

#### **CUARTA.-PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES.**

1.- De acordo co previsto na Orde de 28 de decembro de 2009 pola que se establece a convocatoria pública para a programación de accións formativas dirixidas prioritariamente ás persoas traballadoras desempregadas na Comunidade Autónoma de Galicia correspondente ao exercicio 2010 (Diario oficial de Galicia, núm. 253, de 30 de decembro de 2009), así como na guía informativa dos cursos de formación profesional para o emprego 2010, publicarase un anuncio dun diario de maior tirada, que terá que ter o formato oficial aprobado pola consellería de Traballo e Benestar, e dito anuncio terá que ser publicado en domingo.

2.-As solicitudes para participar no concurso axustaranse ó modelo que se xunta como Anexo I a esta convocatoria, e deberán presentarse no Rexistro Xeral do Concello no prazo de **5 días naturais**, contados desde o seguinte ó da publicación do extracto da convocatoria no periódico "La Voz de Galicia" (o prazo remata o día 28 de maio de 2.010). As instancias tamén se poderán presentar na forma que determina o artigo 38.4 da Lei 30/1992, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común, modificada pola Lei 4/1999, do 13 de xaneiro. Non obstante, neste último caso, deberá anticiparse a presentación da solicitude de participación, a través de calquera medio que permita deixar constancia (fax, telegrama etc...) que deberá ter entrada no rexistro do Concello antes de que remate o prazo e hora fixados como o último día para a presentación de solicitudes.

3.-Á instancia unirase inexcusablemente a seguinte documentación:

a.-Fotocopia do DNI.

b.-Fotocopias dos documentos xustificativos dos méritos que se aleguen para o concurso.

4.-Os erros de feito que puideran advertirse poderán ser subsanados en calquer intre, de oficio ou a petición do interesado.

5.-Os aspirantes quedan vinculados ós datos que fagan constar nas súas solicitudes, podendo demanda-la súa modificación mediante escrito motivado, dentro do prazo establecido no punto 2 desta base para a presentación de solicitudes, transcorrido o cal non se admitirá ningunha petición desta natureza.

#### **QUINTA.-ADMISIÓN DE ASPIRANTES.**

1.-Rematado o prazo de presentación de instancias o Alcalde do Concello ou Concelleiro en quen delegue dictará resolución aprobando a lista de aspirantes admitidos e excluídos, que se publicará no Taboleiro de Anuncios da Casa do Concello. No caso de que fosen admitidos tódolos aspirantes presentados, poderá ditarse directamente a lista definitiva de admitidos, sen prexuízo de que contra a mesma se poderá interpoñer os recursos procedentes en Dereito.

2.-Os aspirantes excluídos, así como os omitidos na relación de admitidos ou excluídos disporán dun prazo de **2 días hábiles** contado a partir do seguinte ó da publicación da resolución no Taboleiro de Anuncios do Concello e na web do Concello ([www.concello-cabana.es](http://www.concello-cabana.es)), para subsana-los defectos que motivaran a súa exclusión ou a súa omisión das relacións de admitidos e excluídos. Os aspirantes que dentro do prazo sinalado non subsanasen a exclusión ou non alegasen a omisión, xustificando o seu dereito a seren incluídos na relación de admitidos, serán definitivamente excluídos da realización das probas. De non se presentaren reclamacións dentro deste prazo, a relación de admitidos elevarase a definitiva.

3.-Contra a resolución a que se refire o punto 1, así como contra aquelas outras que resolvan a subsanación de defectos ou omisión de inclusión a que se refire o punto 2 poderán interpoñerse os recursos a que haxa lugar en Dereito.

4.-Na mesma resolución o Alcalde-Presidente ou Concelleiro en quen delegue determinará o lugar, hora e data de avaliación dos méritos debidamente acreditados polos aspirantes e a composición do Tribunal Cualificador, que se publicará igualmente no Taboleiro de Anuncios do Concello.

#### **SEXTA.-TRIBUNAL CUALIFICADOR.**

O Tribunal Cualificador estará composto por los seguintes membros que poderán intervir indistintamente:

**- Presidente:**

Funcionario/a do Grupo A.

**- Secretario:** (actuará con voz pero sen voto)

O Secretario do Concello ou persoa en quen delegue.

**- Vocais:** 1.-Funcionario ou traballador laboral fixo do Concello.

2.-Funcionario ou traballador laboral fixo do Concello.

2.-Os membros do Tribunal estarán suxeitos ós supostos de abstención e recusación previstos nos artigos 28 e 29 da Lei 30/1992 citada, non podendo seren nomeados membros, colaboradores ou asesores do Tribunal os que realizasen tarefas de preparación de aspirantes para probas selectivas para acceso á función pública nos cinco anos derradeiros á publicación desta convocatoria.

3.-O Tribunal non poderá constituirse nin actuar sen a asistencia de alomenos tres dos seus membros, titulares ou suplentes indistintamente. En todo caso será precisa a asistencia do Presidente e do Secretario.

4.-O Tribunal poderá dispor a incorporación de asesores especialistas para as probas que estime pertinentes, e estos limitaránse unicamente ó exercicio das súas especialidades técnicas en base exclusivamente ás cales colaborarán co órgano de selección.

5.-O Tribunal Cualificador queda autorizado para resolve-las dúbidas que se presenten e toma-los acordos necesarios para a boa orde do proceso selectivo, en todo o non previsto nestas Bases.

6.-Tódolos membros do Tribunal que asistan ás probas percibirán as asignacións que lles correspondan segundo a súa categoría de conformidade co artigo 30.1 do Real Decreto 462/2002, do 24 de maio, sobre indemnizacións por razón do servizo e lexislación complementaria.

7.-O proceso selectivo terá lugar no Salón de Sesiós do Concello, o día sinalado mediante resolución, A tales efectos quedan convocados tanto os membros do Tribunal como os aspirantes que presentaran a documentación esixida no presente proceso selectivo.

### **SÉTIMA.-COMENZO E DESENVOLVEMENTO DA AVALIACIÓN DE MÉRITOS.**

1.-Con carácter xeral, para todas aquelas probas que non poidan celebrarse conxuntamente, considerarase aplicable o resultado do sorteo que celebre a Secretaría do Estado para a Administración Pública para establecer a orde de actuación dos aspirantes.

2.-O Tribunal, salvo razóns que xustifiquen o contrario, adoptará as medidas oportunas para que os exercicios sexan corrixidos sen coñece-la identidade do aspirante.

3.-A data de avaliación dos méritos alegados e acreditados polos aspirantes anunciarase como se dispón na base quinta.

### **OITAVA.-SISTEMA DE SELECCIÓN.**

1.-O sistema de selección será o de concurso.

2.-O Tribunal non poderá avaliar o non alegado e acreditado polos aspirantes nos documentos achegados no momento de presenta-las solicitudes ó concurso.

3.- No concurso avaliaranse os seguintes méritos:

#### **3.1.-Experiencia profesional.**

-**Por servizos prestados na Administración Pública** e relacionados coa actividade e funcións propias da praza que se convoca (auxiliar administrativo): 0,15 puntos/mes, ata un máximo de 3 puntos.

-**Por cada mes de servizos prestados en empresas privadas** e relacionados coa actividade e funcións propias da praza que se convoca: 0,10 puntos/mes ata un máximo de 2 puntos.

Non se computarán servizos inferiores a un mes, considerándose, a estes efectos, os meses de trinta días. Acreditarase mediante a presentación de contrato laboral acompañado de informe de vida laboral, ou documento de finalización de cotntrato. No

caso de ter traballado para Administracións Públicas, tamén poderá acreditarse mediante a presentación de certificado de servizos prestados emitido polo organismo competente. En todo caso deberá quedar debidamente xustificada a data de inicio e finalización dos traballos prestados. O Tribunal poderá non valorar aqueles casos nos que non quede debida e fehacientemente acreditada a data de inicio e finalización da prestación efectiva do traballo.

### **3.2.-Coñecemento do idioma galego.**

a) Curso de iniciación.

Avaliación: 0, 50 puntos.

b) Curso de perfeccionamento.

Avaliación 1,00 puntos.

A avaliación do título superior -o de máis puntuación- exclúe a do título inferior -o de menor puntuación- sendo polo tanto a puntuación máxima deste mérito de 1,00 punto.

Acredítaranse mediante validación, diploma ou certificado expedido ou homologado pola Dirección Xeral de Política Lingüística da Consellería de Educación. Acreditarase tamén mediante certificado expedido por Entidades que teñan capacidade legal para elo.

### **3.3.Titulación superior á esixida:**

-Licenciatura 1 punto.

-Diplomatura: 0,50 puntos.

### **3.4.-Formación especializada.**

Pola participación en cursos ou xornadas relacionados coa especialidade que se pretende impartir, ata un máximo de 1,75 puntos, baremados do seguinte modo:

-Cursos de ata 20 horas..... 0,10 puntos.

-Cursos de 21 a 40 horas ..... 0,15 puntos.

-Cursos de máis de 40 horas..... 0,20 puntos.

Os cursos ou xornadas nas que non se especifique o número de horas se valorarán con 0,05 puntos.

Acreditarase mediante diplomas ou certificacións expedidas polas Entidades Organizadoras.

### **3.5.-Pola participación en cursiños de informática.**

Menos de 20 horas ..... 0 puntos.

De 20 a 39 horas ..... 0,10 puntos.

De 40 a 99 horas..... 0,25 puntos.

De 100 a 199 horas..... 0,50 puntos.

De 200 ou máis horas..... 1 punto.

A puntuación máxima deste apartado é de 2 puntos.

Acreditarase mediante diplomas ou certificacións expedidas polas Entidades Organizadoras

### **3.6.- Entrevista:**

So realizase no suposto no que o Tribunal o considere oportuno. O tribunal evaluará a adecuación dos candidatos ó posto de traballo a desempeñar mediante unha

entrevista presencial, que se referirá exclusivamente a aspectos curriculares, cunha valoración máxima de 1.5 puntos.

No caso de empate nas puntuacións atenderase, en primeiro lugar, a quen acredite maior experiencia. Se persistira o empate, atenderase a quen acredite maior número de cursos realizados relacionados coa actividade a executar. De persistir o empate habería que aprobar unhas novas bases e efectuar unha nova convocatoria.

### **NOVENA.-RELACIÓN DE APROBADOS E PROPOSTA DE NOMEAMENTO.**

1.-Rematada a cualificación dos aspirantes, o Tribunal formará a relación de aprobados pola orde de puntuación final obtida, non podendo rebasar estes o número de prazas convocadas e faráa pública no Taboleiro de Anuncios do Concello e na web do Concello. A proposta provisional de nomeamento (preselección) realizada polo Tribunal será comunicada á Dirección Xeral de Colocación e Formación quen deberá dar o seu visto bo á mesma. De non ser aceptado o aspirante proposto en primeiro lugar, irase respetando a orde acadada polos aspirantes tendo en conta a puntuación obtida por cada un deles.

2.-De acordo coa relación, elevarase ó Sr. Alcalde-Presidente, ademáis da acta da sesión, a proposta de nomeamento do aspirante aprobado.

**3.-Na acta da sesión, incluírase unha relación dos aspirantes que non foran incluídos na relación de aprobados e proposta de nomeamento, co fin de que, se por calquera circunstancia algún aspirante incluído nesta non fora nomeado, poderían selo, pola orde de puntuación obtida no proceso de selección. Ademáis a relación quedará para poder ser utilizada ata o remate do contrato laboral da persoa seleccionada, como reserva (sempre respetando a orde da lista), para cubrir situacións de renuncia voluntaria, procesos de incapacidade temporal, ou calquera outra circunstancia, no posto de traballo obxecto desta convocatoria. Cando un dos aspirantes incluídos na lista fose chamado para ocupar un posto, ó remata-lo período de contratación recuperará o seu lugar inicial na mesma, de xeito que poderá ser chamado para unha nova contratación.**

### **DÉCIMA.-PRESENTACIÓN DE DOCUMENTACIÓN.**

1.-O aspirante proposto presentará na Secretaría do Concello, no prazo de **2 días naturais**, contados a partir da publicación da relación de aprobados no Taboleiro de Anuncios de Concello, os documentos seguintes:

a.-Fotocopia (que deberá presentarse co orixinal para a súa compulsa polo Secretario deste Concello) do Documento Nacional de Identidade.

b.-Copia autenticada ou fotocopia (que deberá de presentarse co seu orixinal para a súa compulsa polo Secretario deste Concello) do título, ou ben xustificante de ter cumpridos tódolos requisitos para a expedición do mesmo. Se estes documentos estiveran expedidos despois da data de terminación do prazo de presentación de instancias, deberá xustifica-la data en que se finalizaron os correspondientes estudos.

c.-Informe médico de non padecer enfermidade ou eiva física que impida o normal desenvolvemento das funcións correspondentes

d.-Declaración xurada de non ter sido separado, mediante expediente disciplinario, de ningunha Administración Pública nin atoparse inhabilitado para o exercicio das funcións públicas por sentenza firme.

e.-Declaración xurada de non estar incurso en ningunha das causas de incapacidade específica conforme á normativa vixente.

f.-Declaración xurada de non incurrir en ningún dos supostos de incompatibilidade establecidos na lexislación sobor da materia.

g.-Os aspirantes que fixeron valer a súa condición de persoas con minusvalía, deberán acreditar tal condición e así mesmo a súa compatibilidade co desenvolvemento das tarefas e funcións correspondentes á praza, mediante certificación expedida polo Organismo competente na materia.

2.-A non presentación dentro do prazo fixado no parágrafo anterior da presente base da documentación antes referida, agás os casos de forza maior, ou cando da presentación dos documentos se desprenda o non cumprimento dos requisitos da convocatoria ou supostos de falsidade na instancia presentada para tomar parte no proceso selectivo, dará lugar á invalidez das actuacións do aspirante, e xa que logo, a nulidade dos actos do Tribunal en relación co aspirante e a imposibilidade de efectuar o seu nomeamento, sen prexuízo da esixencia das responsabilidades nas que puidese ter incorrido.

Neste caso, a proposta considerase feita a prol dos aspirantes que, segundo á orde de puntuación obtida, teñan cabida no número de postos convocados; todo elo como consecuencia da citada anulación.

#### **UNDÉCIMA.-NOMEAMENTO E FORMALIZACIÓN DO CONTRATO.**

1.-Presentada a documentación polos interesados, e sendo a mesma conforme, o Sr. Alcalde-Presidente procederá á designación do aspirante seleccionado e á formalización do correspondente contrato laboral e sen prexuízo do necesario e previo visto bo da Dirección Xeral de Formación e Colocación da Xunta de Galicia. Confeccionarase asimesmo unha lista de reserva coas persoas que non foran seleccionadas, en orde de descendente puntuación, e que poderán ser chamados en caso de que xurdira calquera incidencia que non permita o desempeño do posto de traballo por parte dos seleccionados.

2.-Establécese un período de proba de 1 MES, salvo que o traballador xa desenvolvera as mesmas funcións no concello con anterioridade, conforme ó artigo 14 do Estatuto de Traballadores.

Transcorrido este período se a persoa da que se trate o superase satisfatoriamente, adquirirá plena eficacia o contrato suscrito.

3.-Mentres non se formalice o contrato e non se incorpore ó posto de traballo, o aspirante non terá dereito a percepción económica de ningunha clase.

4.-Quen sen causa xustificada non concorrese a formaliza-lo contrato na data sinalada, perderá tódolos dereitos derivados da superación das probas selectivas.

#### **DUODÉCIMA.-INCIDENCIAS.**

1.-A presente convocatoria, as súas bases, e tódolos actos administrativos que dela deriven, poderán ser impugnados nos casos e na forma establecidos na Lei 30/1992, do 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común, modificada pola Lei 4/1999, do 13 de xaneiro.

2.-Para o non previsto nestas Bases, será de aplicación a Lei 7/1985, de 2 de abril, o Real Decreto Lexislativo 781/86, de 18 de abril e o Real Decreto 896/1991, de 7 de xuño, o Real Decreto 364/1995, de 10 de marzo, a Lei 7/2007 de 12 de abril, que aproba o Estatuto Básico do Empregado Público e a normativa laboral de aplicación.

CABANA DE BERGANTIÑOS, 20 de maio de 2.010.  
ALCALDE-PRESIDENTE

ASDO. JOSÉ MUIÑO DOMÍNGUEZ

DILIXENCIA.- Para facer constar que as presentes Bases, que constan de 8 páxinas e un anexo, rubricadas ao marxe coa sinatura da secretaria, foron aprobadas por resolución da Alcaldía nº378/2010 do 20 de maio.



**ANEXO I**

<b>1.- POSTO DE TRABALLO A QUE ASPIRA:</b>			
<b>2.- CONVOCATORIA:</b>			
<b>3.- DATOS PERSOAIS:</b>			
<b>PRIMEIRO APELIDO</b>	<b>SEGUNDO APELIDO</b>	<b>NOME</b>	
<b>DATA DE NACEMENTO</b>	<b>LUGAR DE NACEMENTO</b>	<b>PROVINCIA DE NACEMENTO</b>	
<b>DNI</b>	<b>DOMICILIO</b>	<b>TELEFONO</b>	
<b>MUNICIPIO</b>		<b>PROVINCIA</b>	<b>CÓDIGO POSTAL</b>
<b>4.-FORMACIÓN (TITULOS)</b>			
<b>5.-A CUBRIR POR PERSOAS CON MINUSVALÍA:</b>			
<b>6.-DOCUMENTACIÓN QUE SE XUNTA:</b>			
<input type="checkbox"/> a.-Fotocopia do DNI.			
<input type="checkbox"/> b.-Fotocopia do título correspondente.			
<input type="checkbox"/> c.-Fotocopia de tódolos documentos xustificativos dos méritos que se aleguen.			

***O abaixo asinante solicita ser admitido/a ó concurso a que se refire a presente instancia e declara que son certos os datos obrantes nela, e que reúne as condicións esixidas nas bases da devandita convocatoria que declara coñecer, comprometéndose a probar documentalmente tódolos datos que figuran nesta solicitude.***

**En                      a                      de                      de 2010**

**Sinatura**

**SR. ALCALDE DO CONCELLO DE CABANA DE BERGANTIÑOS (A CORUÑA)**